

I CONCURSO DE DEBUXOS E LEMAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

INSCRIPCIÓN

NOME E APELIDOS DO AUTOR/A

.....

DNI:

CURSO:

CATEGORÍA: INFANTIL
 PRIMARIA

DATOS DO CENTRO

NOME CENTRO.....

NOME E APELIDOS DO PROFESOR TITOR

.....

AUTORIZACIÓN PAI/NAI OU TITOR

NOME E APELIDOS

.....

DNI:

TELÉFONO/MÓBIL:

Lin e acepto as bases do I Concurso de Debuxos e Lemas Contra a Violencia de Xénero do Concello de Begonte e autorizo ó autor/a inscrito a participar neste concurso.

En....., a de 2019

Sinatura

Cortar pola liña e adxuntar co debuxo



25N

DÍA
INTERNACIONAL
DA VIOLENCIA
DE XÉNERO

Pza. Irmáns Souto Montenegro, nº1
Begonte-27373 (LUGO)
Telf. 982 39 61 43

info@concellodebegonte.es
www.concellodebegonte.es



Concello de
Begonte

I CONCURSO DE DEBUXOS E LEMAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO

BASES DO CONCURSO



1. DESTINATARIOS

Poderán participar neste concurso de debuxos e lemas os/as nenos/as empadroados no Concello e o alumnado de tódolos centros educativos do Concello, acordo coas seguintes categorías:

- ◆ Categoría A: Educación Infantil.
- ◆ Categoría B: Educación Primaria.

Cada neno/a poderá presentar un só debuxo.

2. TEMA

O contido dos debuxos e lemas tratará sobre a non violencia de xénero, e sobre tódolos aspectos relacionados con estes.

No caso de que o debuxo conteña texto, este deberá estar escrito en galego normativo.

Os debuxos, deberán ser inéditos e confeccionadas polo/a concursante.

3. TÉCNICA E SOPORTE

A técnica e o estilo é libre, e poderán utilizarse pinturas, témperas, rotuladores, ceras, acuarelas, etc.

O material de soporte será cartulina.

Estarán prohibidos os deseños dixitais e impresos de calquera tipo.

4. TAMAÑO

Os debuxos realizaranse en formato horizontal ou vertical e o tamaño da cartulina será en **A4 (29,7 x 21cm)**

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN E LUGAR

Os debuxos deberán entregarse persoalmente nas oficinas do Concello de Begonte, no CEIP “Virxe do Corpiño” de Begonte ou no CEIP de Baamonde, antes do **19 de xuño**.

Estos deberán entregarse dentro dun sobre cerrado, indicando no exterior “I Concurso de Debuxo e Lemas 2019”. E no seu interior, será obrigatorio incluír a ficha de inscrición.

6. XURADO DE VALORACIÓN

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os traballos premiados será proposto pola Alcaldía ou a persoa en quen este delegue, estando este composto por un mínimo de 3 persoas.

O xurado, constituído ao efecto, elixirá tres debuxos por cada categoría, podendo declarar deserta algunha das categorías ou dos premios de cada categoría.

O fallo do xurado será inapelable, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será 15 días contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación dos debuxos e lemas.

Así mesmo, este queda facultado para tomar a decisión que considere oportuna ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nestas bases.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO

O xurado á hora de valorar terá en conta os criterios especificados nas bases, en canto ó tamaño, tema, e ademais:

- * Creatividade, orixinalidade.
- * Técnica empregada e complexidade.
- * Relación e coherencia do debuxo co lema.
- * O significado do debuxo en relación ó tema proposto e lema.

8. NOTIFICACIÓN DOS GAÑADORES

A/O premiado/a, notificaráselle a súa condición a través do número de teléfono que faciliten na inscrición. Os gañadores tamen se publicarán na páxina web do Concello.

9. PREMIOS

Establécense dúas categorías, infantil e primaria, e un primeiro, un segundo e un terceiro premio para cada una delas.

Os premios consistirán nun diploma e unha medalla para os gañadores.

CATEGORÍAS	PREMIOS		
INFANTIL	1º	2º	3º
PRIMARIA	1º	2º	3º

Entre os debuxos premiados o Concello seleccionara varios para realizar unha campaña de sensibilización, concienciación e prevención contra a violencia cara a muller e tamén para deseñar un cartel para celebrar o 25N “Día Internacional da Violencia contra o xénero”. De ser o caso o Concello fará mención o/a gañador/a.

Notificaráselles ós premiados a hora e o lugar da entrega dos premios, que se fará en acto público.

Os traballos expoñeranse na Casa da Cultura.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases.

Os debuxos quedarán en propiedade do Concello de Begonte, que poderá expoñelas, publicalas e editalas en forma de material divulgativo en calquera acción que realice, facendo constar sempre o nome do autor/a.

Os/as participantes, responsabilízanse na súa totalidade de que non existen dereito de terceiros, así como toda reclamación por dereitos de imaxe.

No obstante, o Concello comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do/a interesado/a, a partir do 01 de Xaneiro de 2020.